



## **R renova a súa oferta para o fogar con mellores tarifas e lanza segundas liñas móbiles a 3 €**

- *R mellora o prezo dos seus combos, o que supón un grande aforro para as familias xunto á maior calidade de produtos e servizos en internet, móbil e televisión.*
- *A partir de agora, aos combos pódenselles engadir primeiras liñas móbiles adicionais dende só 3 €/mes.*
- *Ademais, os combos Infinitos ofrecen Dazn de agasallo 3 meses, 50 % de desconto en Netflix, e inclúen o servizo WiFi Mesh.*

**Martes, 22 de marzo de 2022.-** R dá un novo paso en 2022 renovando a súa oferta e mantendo os prezos máis competitivos do mercado. O operador galego, que lidera a cota de mercado de captación de fibra nos fogares, quere reforzar a súa posición cunha nova oferta converxente integrada por paquetes sinxelos que lles achegan un grande aforro ás familias, incorporando novas e exclusivas vantaxes para novos/as clientes/as que queren gozar do mellor.

### **Combos a mellores prezos**

R lanza os novos combos para adaptarse ás diferentes necesidades de cada cliente/a. Así, as novas altas en R poderán agora elixir entre os seguintes combos:

- **Fibra 300 megas + tarifa móbil ilimitada 10 GB por 39 €/mes**  
(promo inicial 12 meses 35 €/mes)
- **Fibra 300 megas + tarifa móbil ilimitada 30 GB por 49 €/mes**  
(promo inicial 12 meses 39 €/mes)
- **Fibra 300 megas + chamadas e xigas sen límite + Agile TV (Deco 4K) por 59 €/mes**  
(promo inicial 12 meses 49 €/mes)
- **Fibra 1 xiga + 2 liñas de chamadas e xigas sen límite + Agile TV (Deco 4k)+ Netflix HD por 79 €/mes** (promo inicial 12 meses 59 €/mes)

Ademais, para todos os combos ofrécese o aumento da velocidade de internet a 1 xiga simétrico polo mesmo prezo durante 3 meses.

Os combos Infinitos inclúen tamén o servizo Wifi Mesh. Con esta tecnoloxía os usuarios poden ter unha cobertura case total na súa vivenda, e ademais conséguense velocidades moito máis altas en wifi que con outros dispositivos (PLC, repetidores...), e cun sinal máis estable.

## **Tarifas nas liñas móbiles adicionais por só 3 € ao mes**

Así mesmo, **R** ofrece unha gran mellora na liña adicional que se queira contratar xunto coa liña principal. Desta maneira, o/a cliente/a poderá elixir entre as seguintes opcións para a súa primeira liña adicional:

- 10 ou 30 xigas por só 3 € ao mes en combos sen TV
- xigas ilimitados tamén por 3 € ao mes en combos con TV
- xigas ilimitados a 0 €/mes no combo Infinito Netflix

Todas as tarifas inclúen minutos ilimitados.

## **Combos Infinitos con Dazn de agasallo 3 meses**

Ademais, tanto os/as clientes/as de **R** que xa teñan calquera dos combos infinitos como os/as novos/as clientes/as que os contraten, poderán gozar do servizo Dazn de agasallo durante 3 meses sen permanencia.

Con Dazn, os/as clientes/as poden gozar do servizo de *streaming* co catálogo deportivo máis amplo do mercado, que inclúe as mellores competicións do mundo do motor, como a Fórmula 1 e motos GP, tenis, baloncesto, boxeo ou fútbol, entre outras.

## **Redúcese a permanencia a tan só 3 meses**

**R** ofrece a mellor calidade e unha mellora significativa no prezo final coidando ao máximo a experiencia de cliente cunha oferta sinxela e transparente para que o/a cliente/a decida. Neste sentido, o operador galego reduce a permanencia a 3 meses para que se poidan probar nese espazo de tempo as vantaxes desta grande oferta.

## **R dá un paso adiante na calidade e na competitividade da oferta**

O director de **R**, Alfredo Ramos, explicou que con esta oferta tan competitiva, o operador galego pretende “*dar un novo paso no seu obxectivo de comercializar un produto forte, cunha mellora significativa no prezo final, coidando ao máximo a experiencia de cliente/a*”.

### **comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)

(\*) Servizo de TV prestado por Agile TV (Over The Top Networks Ibérica, S.L.U. con NIF B-86588639).

